



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Interpretación simultánea avanzada idioma 1: Inglés-Español

Materia	Interpretación simultánea avanzada idioma 1: Inglés-Español			
Código	V01G230V01901			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Dpto. Externo Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Alonso Bacigalupe, Luís			
Profesorado	Alonso Bacigalupe, Luís			
Correo-e	lalonso@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

## Competencias de titulación

Código	
A3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
A8	Destreza para a procura de información/documentación
A12	Posuír unha ampla cultura
A17	Capacidade de tomar decisións
A18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
A21	Rigor e seriedade no traballo
A22	Destrezas de tradución
B1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
B3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Toma de decisións
B9	Razoamento crítico
B11	Habilidades nas relacións interpersoais
B12	Traballo en equipo
B13	Traballo nun contexto internacional
B16	Adaptación a novas situacións
B18	Creatividade
B20	Lideranza
B22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
B23	Capacidade de traballo individual

## Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Consolidar e perfeccionar as técnicas de interpretación simultánea xa desenvolvidas a modo de iniciación no curso anterior.	A3 A12	B1 B9 B22

Consolidar e dominar as técnicas de busca documental e a elaboración de glosarios aplicados á interpretación	A8	B3 B6 B13
Preparación autónoma de bloques temáticos específicos	A17 A18 A21 A22	B7 B9 B18
Xestión da tensión (estrés) durante a interpretación	A17 A21	B16 B23
Traballo en equipo: repartición do traballo en cabina e capacidade de colaboración	A17	B11 B12 B20

## Contidos

### Tema

- Profundización e perfeccionamento das técnicas de interpretación simultánea xa desenvolvidas a modo de iniciación no curso anterior.	-prácticas de traducción á vista avanzada -prácticas de interpretación simultánea directa -prácticas de interpretación simultánea inversa
- As tácticas e estratexias de traballo en IS	- tácticas de comprensión - tácticas de reformulación - tácticas de memorización - o uso estratéxico do atraso - a xestión de elementos puntuais: cifras, nomes propios e organismos, siglas, terminoloxía específica
- Tipoloxía discursiva e función en IS	- persuadir - informar - mostrar cortesía - a comprensión do discurso especializado en IS
- Estratexias de preparación dun congreso	- documentación e busca terminolóxica - elaboración de glosarios para a IS - consultas previas e in situ
- O entorno de traballo	- os congresos e reunións internacionais: características, usuarios/as - os congresos e reunións de temática especializada - os organismos internacionais - a cabina de IS: cabinas puras e mixtas; o uso do relay; o papel do pivote; o traballo en equipo en cabina; o uso de ferramentas informáticas - a importancia da interpretación inversa no mercado local
- O código deontolóxico do/a intérprete	- funcionamento do mercado profesional - lealdades: cara ao público, cara ao cliente, cara a si mesmo (intérprete) - ética e deontoloxía
- A IS como profesión	- os mercados locais: características - os organismos internacionais: características

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Sesión maxistral	4	8	12
Traballo de aula	42	78	120
Estudos/actividades previas	0	16	16
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Sesión maxistral	Sesións ou partes de sesións nas que se repasan os aspectos teóricos que vaian xurdindo en relación cos exercicios prácticos de IS. As explicacións do/a profesor/a complementaranse coas lecturas correspondentes.

Traballos de aula	Trátase do traballo principal que se desenvolve nos laboratorios habilitados para a práctica da interpretación. Realizaranse actividades relacionadas coas principais estratexias para a interpretación simultánea e exercicios prácticos de interpretación simultánea (inglés&gt;español e español&gt;inglés), en varias áreas temáticas e reproducindo diferentes supostos de traballo, así como tarefas de preparación conxunta e individual dos exercicios prácticos (análise de vocabulario relevante, lectura rápida, tradución á vista con e sen lectura previa, etc.). Os exercicios prácticos de IS en cabina complementaranse con escoitas e análises críticas por parte do/a docente e dos propios alumnos/as.
Estudos/actividades previos	Os/as alumnas deberán complementar o traballo da aula con actividades previas de documentación e preparación das áreas temáticas coas que se traballe (familiarización co tema, elaboración de glosarios, preparación de materiais de apoio fornecidos con antelación, etc.).

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	Revisión, corrección e valoración para avaliación continua dos traballos de aula perante tres sistemas: (1) escoita aleatoria do traballo do alumnado nos minutos finais das sesións prácticas de traballos de aula. (2) escoita das gravacións do estudante no despacho do profesorado durante as horas de titorías. (3) envío das gravacións para a súa avaliación polo profesor da materia

### Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	Desempeño durante os exercicios prácticos de IS en cabina e as actividades complementarias de análise crítica.	10
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Realización dunha proba de interpretación simultánea con dúas partes, unha de inglés ao español (cun valor do 70% do total) e outra do español ao inglés (30%). Para cualificar esta proba valorarase os seguintes elementos:  1. Técnica: capacidade de escoita activa e análise; toma de decisións a respecto da información principal necesaria; estruturación, coherencia e uso de nexos; resolución de problemas. Produción: fluidez; seguridade; compás/ritmo, ausencia de ruídos  2. Contidos: corrección e exhaustividade na transmisión dos contidos  3. Lingua: calidade xeral da expresión, rexistro, colocacións e terminoloxía. Corrección lingüística e vocabulario.	90

### Outros comentarios sobre a Avaliación

O exame da convocatoria de decembro terá lugar o día 9 de decembro de 2014 na última sesión de clase.

O exame da convocatoria de xullo terá lugar na data indicada polo Decanato da FFT.

O exame constará da IS dun discurso en directa (inglés ao español) de entre 1.200 e 1.500 palabras e cunha duración de entre 12 e 20 minutos, e máis unha proba de inversa (español ao inglés) dun discurso de entre 1.000 e 1.200 palabras (10-12 minutos) . O valor das probas será: 70% para a directa e 30% para a inversa. O tema de traballo será o mesmo para ambas probas e será algún dos tocados ao longo do curso.

Na avaliación da proba final teranse en conta tres aspectos indicadorexs de calidade do traballo dos intérpretes: (1) correcta e completa transmisión dos contidos, (2) calidade xeral da produción-articulación, e (3) calidade da lingua, rexistro e terminoloxía. O sistema de avaliación empregado consistirá na asignación de penalizacións en función da cantidade e gravidade dos potenciais erros cometidos, sendo preciso acadar un certo equilibrio entre os tres parámetros de calidade mencionados.

Ese mesmo día e nesa mesma sesión se realizarán as probas tanto para os alumnos de avaliación continua como para os de avaliación única.

Para ambas convocatorias o exame será o mesmo tanto para os estudantes de avaliación continua como para os de avaliación única.

Os alumnos que decidan acollerse ao sistema de avaliación continua deberán indicalo por escrito ao longo do primeiro mes do curso. Pasado ese prazo e de non haber indicación ao respecto entenderse que se acollen ao sistema de examen final único.

Para acollerse ao sistema de avaliación continua é imprescindible asistir a, alo menos, a un 80% daa sesións de clase.

As probas obrigatorias de IS (directa e inversa) se levarán a cabo na última sesión de clase, que terá lugar o día 9 de

decembro de 2014 en tantas quendas como sexa preciso. Ese mesmo día e nesa mesma sesión se realizarán as probas tanto para os alumnos de avaliación continua como para os de avaliación única.

En segunda convocatoria o sistema de avaliación será o mesmo que para a primeira convocatoria, agás porque en segunda convocatoria non se valorará a avaliación continua do alumnado que se acollaga a dito sistema.

**PARA OS ALUMNOS QUE SE ACOLLAN AO SISTEMA DE EXAMEN FINAL ÚNICO EN CONVOCATORIA ORDINARIA E EN SEGUNDA CONVOCATORIA**

O sistema de valoración para estes alumnos será idéntico ao descrito anteriormente excepto porque non se podrán sumar puntos a su nota final en virtud de la evaluación continua

O sistema de avaliación será o mesmo que para a primeira convocatoria, agás porque en segunda convocatoria non se valorará a avaliación continua e a extensión dos textos será idéntica para todos os estudantes (de 1.200 a 1.500 palabras para a IS directa e de 1.000 a 1.200 para a IS inversa).

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

Gile, Daniel, **Conference interpreting: current trends in research: Proceedings of the International Congress on Interpreting: What do we know and how? (Turku, August 25-27, 1994)**,

Seleskovitch, Danica, **Interpreting for international conferences: problems of language and communication**, [3rd rev. ed.],

Gile, Daniel, **Basic Concepts and Models for Interpreter and Translator Training**,

Alonso Bacigalupe, Luis et alii, **Inserción profesional d@s estudantes de tradución e interpretación**,

Jones, Roderick, **Conference interpreting explained**,

Alonso Bacigalupe, Luis, **El procesamiento de la información durante la interpretación simultánea: un modelo en tres niveles**,

Alonso Bacigalupe, Luis, **Investigación experimental en interpretación de linguas. Primeiros pasos**,

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Interpretación idioma 2: Alemán-Español/V01G230V01914

Interpretación idioma 2: Francés-Galego/V01G230V01911

Interpretación idioma 2: Portugués-Español/V01G230V01916

#### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Interpretación consecutiva avanzada idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01906

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Interpretación consecutiva idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01618

Interpretación consecutiva idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01617

Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01515

Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01514

Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01602

Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01601